

Luiz Ruffato: «Brasil é un país triste; non de praia, carnaval ou samba»

► O Escritor Galego Universal negou os tópicos do seu país
► Lembrou en Lugo que é líder en asasinatos e violencia

JAUREGUIZAR
#sjareguiza@elprogreso.es

LUGO. O novelista Luiz Ruffato desmontou onte en Lugo elemento a elemento o imaxinario que temos en todo o mundo sobre o seu país, Brasil. Ruffato padece esa imaxe cada vez que viaxa ao estranxeiro. Erguendo os brazos e axitando as mans comentou que, cando o coñecen, dinlle: ««Brasilero? Imos de festa!»».

Luiz Ruffato participou nunha mesa redonda anterior á recollida do recoñecemento como Escritor Galego Universal que lle concedeu a Asociación de Escritores en Lingua Galega na que subliñou que «Brasil é un país triste; non de praia, carnaval ou samba».

A seguir, argumentou a súa emenda á totalidade ás campañas



Henrique Sanfiz, Carlos Quiroga e Luiz Ruffato, na mesa redonda no Museo Provincial de Lugo. PEPE TEJERO

turísticas elemento a elemento. «O meu país é inmenso e soamente unha pequena parte é litoral e ten praia», indicou para facer patente unha obviedade. Engadiu que Cataguases —onde naceu en 1961— «está a 500 quilómetros da

praia, pero hai brasileiros que teñen que viaxar 2.800 quilómetros para ir á praia».

Limitou a modalidade de carnaval apreciada no resto do planeta «a Río de Janeiro» e o seu público potencial «a turistas».

Para deconstruír a ledicia que transmite o samba remontouse á súa orixe «negroafricana». «O samba é unha música de xente que chegou a Brasil sen nada e para ser escrava, é natural que as letras sexan tristes», sinalou.

Rematou este asunto preguntándose como un país miserable, «líder mundial en asasinatos e destacado nas estatísticas de violencia doméstica» podía ser visto dese xeito tan positivo dende outros continentes.

CULTURA PORTUGUESA. Luiz Ruffato dirixiu a súa disconformidade xeral coa imaxe foránea do seu país cara á lingua e á creación. «Non somos de cultura portuguesa, aínda que temos unha lingua común», defendeu.

Un feito importante nesa convención foi a súa primeira estada en Galicia, en 2005; cando descubriu que «os portugueses» lles contarán cousas «que non eran certas». Informouse ao tempo que a súa lingua procede doutra chamada galego, que esa lingua «está viva» e que «a cultura brasileira está moito máis vinculada coa galega que coa portuguesa».

O escritor contestou ás preguntas de xornalistas recoñecidos cos galardóns da AELC a institucións e aos Bos e Xenerosos Manuel Lombao, Tareixa Navaza e Henrique Sanfiz. O acto foi dirixido polo representante da AELC, Carlos Quiroga.

O premiado comentou que en 2005 se sorprendeu ao coñecer que existía o galego, que estaba vivo e era a orixe da súa lingua